# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEIP O COTO DE NEGREIRA**

**CURSO: 5º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA**

**DATA: 12-5-20**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Organización da programación das áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Educación Artística, Primeira Lingua Estranxeira: Inglés e Valores Sociais e Cívicos

1.1. Estándares de aprendizaxe, competencias imprescindibles e actividades de repaso do 3º trimestre

1.1.1. Ciencias Naturais

1.1.2. Ciencias Sociais

1.1.3. Lingua Castelá e Literatura

1.1.4. Lingua Galega e Literatura

1.1.5. Matemáticas

1.1.6. Educación Artística

1.1.7. Primeira Lingua Estranxeira: Inglés

1.1.8. Valores Sociais e Cívicos

1.2. Avaliación e cualificación

1.3. Metodoloxía, materiais e recursos

1.4. Información e publicidade

2. Organización da programación das áreas de Relixión e Educación Física

2.1. Relixión

2.2. Educación Física

1. **Organización da programación das áreas de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Matemáticas, Educación Artística, Primeira Lingua Estranxeira: Inglés e Valores Sociais e Cívicos**

## 1.1. Estándares de aprendizaxe, competencias imprescindibles e actividades de repaso do 3º trimestre

### 1.1.1. CIENCIAS NATURAIS

| Criterios Avaliación | Estándar Aprendizaxe |
|---|---|
| B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes. |
| | CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos. |
| | CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.). |
| | CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico |
| | CNB1.1.6. Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede. |
| B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes. | CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. |
| | CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións. |
| B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunhas relacións fundamentais entre eles. | CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano. |
| | CNB2.1.2. Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. |
| B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, coñecendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida. | CNB2.3.1. Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes. |
| | CNB2.3.2. Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables. |
| | CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas. |
| B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas. Identificar as principais características e funcións. | CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles. |
| B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. | CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos. |
| | CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas. |
| B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos. | CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema. |
| | CNB3.3.2. Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes. |
| | CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado. |
| | CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios |

| Criterios Avaliación | Estándar Aprendizaxe |
|---|---|
| | audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados. |
| B4.3. Identificar e explicar as características das fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia no desenvolvemento sostible. | CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo. |
| B4.4. Realizar experiencias sinxelas, de forma cooperativa, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes. | CNB4.4.1. Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes. |
| | CNB4.4.2. Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo. |
| | CNB4.4.3. Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe. |
| | CNB4.4.4. Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro. |
| B5.1. Planificar e construír, de forma cooperativa, un circuíto eléctrico simple que responda a un problema dado, atendendo ás normas de seguridade. | CNB5.1.1. Observa e identifica os elementos dun circuíto eléctrico e constrúe un. |
| | CNB5.1.2. Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá. |
| | CNB5.1.3. Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición. |

## 1.1.2. CIENCIAS SOCIAIS

| ÁREA | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles | Actividades de repaso |
|---|---|---|---|
| CIENCIAS SOCIAIS<br><br>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS | CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a informa-ción relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. | CSB1.1.1. Busca e selecciona información relevante nun texto determinado e comunícao. | • Buscar, seleccionar e organizar a información das actividades propostas.<br>• Extraer información global e específica dun texto determinado.<br>• Elaborar mapas conceptuais ou esquemas co fin de organizar e sintetizar os contidos. |
| | CSB1.1.3.Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. | CSB 1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e preséntaas de maneira ordenada, limpa e clara. | • Completar oracións, relacionar e elaborar actividades coidando a presentación.<br>• Expoñer traballos dos alumnos no taboleiro da aula ou do corredor. |
| CIENCIAS SOCIAIS<br><br>BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA | CSB2.1.1.Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. | CSB 2.1.1.Describe o Universo, coñece a súa orixe e identifica os principais compoñentes (galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa). | • Observar e recoñecer imaxes do universo.<br>• Relacionar, clasificar e elaborar táboas.<br>• Buscar información sobre a teoría do Big Bang. |
| | CSB2.2.1. Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade. | CSB 2.2.1. Describe as principais características, compoñentes do Sistema Solar situando ordenadamente os planetas arredor do Sol. | • Observar e recoñecer imaxes do Sistema Solar.<br>• Describir, definir, memorizar, debuxar...<br>• Organizar a información e expoñela.<br>• Simular os movementos da Terra.<br>• Identificar as fases lunares en imaxes. |
| | CSB2.4.1.Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel. | CSB 2.4.1. Recoñece distintos tipos de mapas e interpreta os signos convencionais máis usuais. | • Identificar distintos modos de representar a Terra.<br>• Recoñecer nun planisferio os meridianos e os paralelos.<br>• Localizar un punto a través da latitude e lonxitude.<br>• Interpretar a lenda e a escala de distintos mapas. |
| | CSB2.5.1.Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España. | CSB 2.5.1. Define clima e recoñece a latitude, a altitude e a proximidade ao mar como factores que inflúen no clima. | • Diferenciar tempo atmosférico e clima.<br>• Recoñecer as características e os factores que o determinan.<br>• Identificar instrumentos cos que se miden. |
| | CSB2.6.1.Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais. | CSB 2.6.1. Identifica nun planisferio as zonas climáticas do planeta e explica as súas características principais. | • Observar e identificar en diferentes mapas as zonas climáticas.<br>• Elaborar ou completar táboas coas súas características.<br>• Interpretar gráficos. |
| | CSB2.6.2 Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpre- tando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence. | CSB2.6.2. Sinala nun mapa as zonas climáticas de España e explica as súas características principais. | • Observar e situar en mapas as zonas climáticas de España.<br>• Relacionar cidades o clima que lles corresponda.<br>• Describir unha estación meteorolóxica.<br>• Interpretar climogramas. |
| | CSB2.7.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos | CSB 2.7.1. Define paisaxe e identifica os principais | • Identificar mediante imaxes os diferentes tipos |

| ÁREA | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles | Actividades de repaso |
|---|---|---|---|
| | e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade. | tipos de paisaxe (natural / humanizada, chaira / montañosa, de interior/de costa). | de paisaxes.<br>• Clasificar e relacionar os elementos da paisaxe. |
| | CSB2.8.1.Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas. | CSB 2.8.1. Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas. | • Estudar e representar en mapas físicos mudos de España as cordilleiras, meseta, chairas, depresións, ríos, mares...<br>• Clasifica os ríos de España por vertentes.<br>• Practicar con mapas interactivos en liña. |
| | CSB2.9.1.Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. | CSB 2.9.1. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. | • Recoñecer as consecuencias da intervención humana no medio achegando ideas para que o impacto sexa mínimo. |
| | CSB2.9.2.Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable. | CSB 2.9.2. Adopta actitudes de consumo responsable (luces, reutilización e reciclaxe) | • Buscar e organizar información sobre o efecto invernadoiro e como inflúe no cambio climático. |
| CIENCIAS SOCIAIS<br><br>BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE | CSB3.1.1.Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español. | CSB 3.1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes da Constitución. | • Identificar e valorar a Constitución e as cuestións que nela se recollen.<br>• Completar unha táboa cos dereitos, deberes e liberdades. |
| | CSB3.2.1.Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización. | CSB 3.2.1. Identifica as principais institucións políticas do Estado español, funcións fundamentais e o seu ámbito de acción. | • Completar oracións, relacionar, elaborar organigramas coas institucións políticas e as súas funcións. |
| | CSB3.2.2.Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles. | CSB 3.2.2. Identifica e comprende a división de poderes e cadansúas atribucións. | • Identificar e elaborar organigramas cos poderes políticos do Estado. |
| | CSB3.3.1.Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias. | CSB 3.3.1. Localiza nun mapa político as comunidades autónomas de España e as súas provincias. | • Estudar e representar nun mapa polínco as CCAA coas súas capitais e as súas provincias.<br>• Facer esquemas cos órganos do goberno.<br>• Practicar con mapas interactivos en liña das CCAA. |
| | CSB3.5.1.Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación. | CSB 3.5.1. Define os principais conceptos demográficos e comprende os principais factores que afectan á poboación. | • Definir, relacionar conceptos demográficos e definicións.<br>• Interpretar, responder preguntas e representar gráficos. |
| | CSB3.6.2.Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade. | CSB 3.6.2. Recoñece a esperanza de vida e a natalidade como factores determinantes na evolución demográfica. | • Calcular o crecemento natural, o saldo migratorio e o crecemento real dunha poboación cos datos dados. |
| | CSB3.6.3.Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española. | CSB 3.6.3. Recoñece o desenvolvemento económico como factor determinante na distribución da poboación. | • Identificar, de maneira xeral, os factores socio-económicos, xeográficos e culturais que determinan a poboación. |
| | CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país. | CSB 3.7.1. Describe os movementos migratorios da poboación galega e española. | • Definir, relacionar conceptos demográficos e definicións; explicar diferenzas entre migración, emigración e inmigración; calcular saldos |

| ÁREA | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles | Actividades de repaso |
|---|---|---|---|
| | | | migratorios.<br>• Explicar causa e consecuencias das migracións. |
| | CSB3.8.1.Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen. | CSB 3.8.1.Diferenza entre materia prima e produto elaborado e asóciaos coas actividades nas que se obteñen. | • Definir, explicar e relacionar produtos elaborados con materias primas e sectores produtivos.<br>• Interpretar mapas económicos. |
| | CSB3 8.2 Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen. | CSB 3 8.2. Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto local ata a súa venda. | • Interpretar e representar o proceso de obtención dun produto local ata a súa venda.<br>• Identificar os sectores de produción. |
| | CSB3.9.2.Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes. | CSB 3.9.2. Recoñece e localiza as actividades relevantes dos tres sectores produtivos en Galicia e en España. | • Indagar sobre as principais actividades económicas en Galicia e en España. |

### 1.1.3. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

| ÁREA | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles | Actividades de repaso |
|---|---|---|---|
| LINGUA **CASTELÁ** E LITERATURA<br><br>BLOQUE 2<br>C.ORAL<br>LER | LCB2.1.3. Comprende información global e específica en textos de diferente tipoloxía do ámbito escolar e social: | LCB2.1.3. Comprende información global e específica en diferentes textos. | •Ler distintos tipos de texto.<br>•Extraer información global e específica de textos variados. |
| | LCB2.4.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora, xénero. | LCB2.4.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas. | •Identificar o argumento de lecturas realizadas.<br>•Realizar actividades de comprensión lectora sobre informacións contidas explicitamente no textos.<br>•Deducir informacións implícitas. |
| LINGUA **CASTELÁ** E LITERATURA<br><br>BLOQUE 3<br>C.ESCRITA<br>ESCRIBIR | LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas... | LCB3.1.1. Escribe, seguindo modelos dados, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa. | • Elaborar textos, seguindo modelos de distinta tipoloxía<br>Narracións;<br>Descricións;<br>Biografías;<br>Cómics;<br>•Resumir textos expresando a intención comunicativa do autor e expresando a súa opinión sobre o mesmo. |
| | LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas. | LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con coherencia, cohesión e adecuación básicas e respectando as normas gramaticais e ortográficas. | •Producir textos adecuados á intención comunicativa requerida observando a importancia da coherencia, cohesión e estruturación dos mesmos.<br>•Realizar ditados |
| | LCB3.1.6. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza. | LCB3.1.6. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza. | •Expoñer traballos dos alumnos no taboleiro da aula ou do corredor. |
| | LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos. | LCB3.3.1. Aplica os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos. | •Colocar acentos e signos de puntuación en textos que aparecen sen eles.<br>•Realizar ditados |
| | LCB3.3.5. Amosa na evolución dos seus escritos interese e esforzo por escribir correctamente de | LCB3.3.5. Amosa na evolución dos seus escritos interese e esforzo por escribir correctamente . | •Participar en actividades colaborativas de corrección de textos elaborados por outros |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | forma persoal. | | compañeiros |
| LINGUA **CASTELÁ** E LITERATURA<br><br>BLOQUE 4 COÑECEMENTO DA LINGUA | LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras. | LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras. | •Seleccionar palabras dunha mesma categoría gramatical<br>•Clasificar palabras segundo o tipo de palabra ao que pertence.<br>•Facer análises morfolóxicas sobre listados de palabras ou palabras dunha oración.<br>•Analizar sintacticamente grupos nominais. |
| | LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras. | LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras. | •Resolver actividades de forma escrita de clasificación, resposta breve, resposta alternativa, elección múltiple, enumeración, clasificación, ordenamento onde teñan que reflexionar máis detidamente sobre os aspectos semánticos das palabras e sobre a formación de palabras por composición e derivación. |
| | LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos, frases feitas na súa expresión oral e escrita. | LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos, homófonos na súa expresión oral e escrita. | |
| | LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. | LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. | |
| | LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos. | LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos. | •Relacionar parágrafos seleccionando o conector máis axeitado. |
| | LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. | LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. | •Ordenar palabras para formar enunciados.<br>•Ordenar enunciados para formar textos |

## 1.1.4. LINGUA GALEGA E LITERATURA

| ÁREA | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles | Actividades de repaso |
|---|---|---|---|
| LINGUA **GALEGA** E LITERATURA<br><br>BLOQUE 2<br>C.ORAL<br>LER | LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. | LGB2.1.1. Comprende información relevante de textos escritos en soportes variados. | •Completar textos.<br>•Distinguir as ideas relevantes das secundarias.<br>•Localizar información no texto.<br>•Responder preguntas abertas, de resposta de verdadeiro/falso, de elección múltiple.<br>•Ordenar elementos. |
| | LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo. | LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo. | •Distinguir as ideas principais das secundarias.<br>•Facer resumos de textos narrativos de distinto xénero.. |
| LINGUA **GALEGA** E LITERATURA<br><br>BLOQUE 3<br>C.ESCRITA<br>ESCRIBIR | LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións. | LGB3.1.1. Elabora guións, de forma dirixida, antes de empezar a escribir | •Utilizar organizadores gráficos para organizar as ideas e planificar un texto.<br>•Empregar listas de comprobación cós pasos a seguir para a creación narrativa. |
| | LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista. | LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as normas lingüísticas: ortografía, acentuación, morfosintaxe. | •Realizar ditados .<br>•Corrixir textos con erros morfosintácticos.<br>•Revisar textos/tarefas propias. |
| | LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero. | LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero. | •Compoñer textos escritos curtos de distinta tipoloxía seguindo modelos e atendendo as estruturas formais de cada un.<br>•Expresar a opinión, expoñer un punto de vista fundamentándoo nas súas razóns/motivos.<br>•Valorar un libro e facer a súa recomendación. Describir unha ilustración, fotografía, etc.<br>•Rematar un conto.<br>•Crear un final difererente para unha historia.<br>•Relacionar dous feitos.<br>•Redactar e presentar unha predición meteorolóxica |
| | LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado. | LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado. | •Resumir por parágrafos un texto.<br>•Identificar a idea principal de cada parágrafo dun texto.<br>•Establecer relacións entre as distintas partes dunha lectura, con mediación.<br>•Descubrir o enunciado que non pertence ao texto ou ocupa un lugar incorrecto.<br>•Ordenar enunciados/parágrafos dun texto |
| | LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais. | LGB3.5.1. Busca e selecciona información en diferentes fontes e soportes dixitais. | •Buscar de forma autónoma ou dirixida informacións requiridas:<br>◦ en libros, xornais, revistas, etc |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | ◦ en entrevista/consulta a persoas<br>◦ na web. |
| | LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado… en calquera soporte. | LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado… en calquera soporte. | •Revisar as tarefas propias atendendo á caligrafía, marxes, estruturación dos textos en parágrafos ... |
| LINGUA **GALEGA** E LITERATURA<br><br>BLOQUE 4 COÑECEMENTO DA LINGUA | LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición. | LGB4.1.1. Recoñece algunhas categorías gramaticais : determinantes ((demostrativos, numerais, artigos, indefinidos e posesivos), substantivo, adxectivo e verbo. | •Seleccionar palabras dunha mesma categoría gramatical<br>•Clasificar palabras segundo o tipo de palabra ao que pertence.<br>•Facer análises morfolóxicas sobre listados de palabras ou palabras dunha oración. •Analizar sintacticamente grupos nominais |
| | LGB4.1.3. Diferenza as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. | LGB4.1.3. Separa as palabras en sílabas e identifica a sílaba tónica. | •Separar palabras por sílabas.<br>•Rodear a sílaba tónica |
| | LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas. | LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, campo semántico e léxico. | •Resolver actividades de forma escrita de clasificación, resposta breve, resposta alternativa, elección múltiple, enumeración, clasificación, ordenamento onde teñan que reflexionar máis detidamente sobre os aspectos semánticos das palabras e sobre a formación de palabras por composición e derivación. |
| LINGUA **GALEGA** E LITERATURA<br>BLOQUE 5<br>ED. LITERARIA | LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, lírica e teatro. | LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, lírica e teatro. | •Ler textos líricos-poemas, teatrais e narrativos.<br>•Comparar e analizar a forma e estilo dos tres grandes xéneros literarios. |
| | LGB5.3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas. | LGB5.3.2. Distingue algúns recursos métricos dun poema. | •Analizar a rima e métrica dun poema. |

### 1.1.5. MATEMÁTICAS

| ÁREA | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles | Actividades de repaso 3º trimestre |
|---|---|---|---|
| MATEMÁTICAS<br>BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES | MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso. | MTB1.3.1. Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso. | •Sistematizar e aplicar na resolución de problemas un método de traballo (comprender o enunciado, identificar os datos, planificar e realizar as operacións, e comprobar o resultado). |
| MATEMÁTICAS<br>BLOQUE 2. NÚMEROS | MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | •Escribir e ler números naturais e decimais ata as milésimas.<br>•Ordenar números de maior a menor e viceversa.<br>•Intercalar números<br>•Situar números de distinto tipo nunha recta numérica. |
| | MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. | MTB2.3.2. Redondea números á unidade máis próxima indicada. | •Redondear números á unidade que máis preto estea. |
| | MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal. | MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal. | •Comparar e ordenar números fraccionarios.<br>•Relacionar fraccións con fraccións. |
| | MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. | MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. | •Resolver operacións combinadas atendendo á xerarquía das operacións. |
| | MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas. | MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operado- res na interpretación e resolución de problemas. | •Converter números fraccionarios en números decimais e viceversa.<br>•Establecer equivalencias entre fraccións e números naturais e decimais. |
| | MTB2.5.2. Realiza operacións con números decimais. | MTB2.5.2. Realiza operacións con números decimais. | •Sumar, restar, multiplicar e dividir números decimais.<br>•Multiplica e divide pola unidade seguida de ceros. |
| | MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. | MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. | •Resolver problemas da vida cotiá con varias operación de sumar, restar, multiplicar e dividir números de distinto tipo.<br>•Identificar os termos das operacións estándar. |
| | MTB2.6.2. Descompón de forma aditiva e de forma | MTB2.6.2. Descompón de forma aditiva e de forma | •Descompoñer números naturais na súa orde |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. | aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. | de unidades.<br>•Indicar o valor da posición das súas cifras.<br>•Establecer equivalencias entre as distintas ordes de unidades. |
| | MTB2.6.7. Descompón números decimais atendendo o valor de posición das súas cifras. | MTB2.6.7. Descompón números atendendo o valor de posición das súas cifras. | •Descompoñer números na súa orde de unidades.<br>•Indicar o valor da posición das cifras dun número. |
| | MTB2.6.9. Estima e redondea o resultado de un cálculo valorando a resposta. | MTB2.6.9. Estima e redondea o resultado de un cálculo | •Emprega estratexias de cálculo mental para estimar o resultado dun problema redondeando os seus datos. |
| MATEMÁTICAS<br><br>BLOQUE 3. MEDIDA | MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. | MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. | •Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple. |
| | MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude. | MTB3.2.3. Ordena medidas dunha mesma magnitude. | •Converter unhas unidades de medida en outras.<br>•Ordenar medidas expresadas en distintas unidades. |
| | MTB3.5.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando… e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización. | MTB3.5.1. Resolve problemas de medida de complexidade básica. | •Resolver problemas de medidas que impliquen o dominio dos contidos traballados seguindo un método de traballo (comprender o enunciado, datos, plantexamento, cálculo e solución)<br>•Identificar os datos, planificar e realizar as operacións, e comprobar o resultado).<br>•Comprobar os resultados dos problemas. |

## 1.1.6. EDUCACIÓN ARTÍSTICA

| EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | CURSO 5º |
|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| BLOQUE 1. ESCOITA | |
| B1.1. Escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior. | EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. |
| | EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical. |
| | EMB1.1.3. Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras. |
| | EMB1.1.4. Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. |
| B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto. | EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto. |
| B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen. | EMB1.3.1. Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais. |
| | EMB1.3.2. Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais. |
| | EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. |
| | EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados. |
| B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas. | EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos. |
| | EMB1.5.2. Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos, cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos). |
| B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical. | EMB1.6.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela. |
| | EMB1.6.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura. |
| | EMB1.6.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada. |
| BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN MUSICAL | |
| B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, | EMB2.1.1. Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. |
| | EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos. |

| EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL) | CURSO 5º |
|---|---|
| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
| avaliar o resultado e propor accións de mellora. | EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento |
| | EMB2.1.4. Fai avaliación da interpretación amosando interese e esforzo por mellorar |
| B2.2. Participar en producións musicais sinxelas de xeito desinhibido e pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas, mostrando actitudes de respecto e colaboración. | EMB2.2.1. Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula. |
| | EMB2.2.2. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados. |
| | EMB2.2.3. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo. |
| | EMB2.2.4. Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura. |
| BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA | |
| B3.1. Empregar as posibilidades expresivas do propio corpo en coordinación coas demais persoas, para realizar representacións musicais colectivas de xeito lúdico. | EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. |

| ÁREA | Estándares de aprendizaxe | Competencias imprescindibles | Actividades de repaso 3º trimestre |
|---|---|---|---|
